

Cambios en Cadernos de Atención Primaria

O Consello de Redacción

Cad. Aten. Primaria
Año 2006
Volumen 13
Pág. 1-1

Isto é unha presentación. Pequenos cambios, acompañados de moita ilusión, e unha invitación á participación conforman o novo deseño de CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA.

Unha nova portada que respecta bastante o deseño anterior, xa moi consolidado como imaxe da revista, na que se inclúen o índice cos autores e números de páxina e un espazo diferenciado para divulgar e orientar aos usuarios cara a páxina web.

A referencia á páxina web non é decorativa xa que consideramos que é un complemento necesario para calquera dos traballos escritos. Reforzaremos progresivamente a súa presenza tanto con novos contidos audiovisuais, que non caben no formato de papel, como na xestión das búsquedas bibliográficas da propia revista. Quizáis no futuro sexa de formato totalmente electrónico. Por agora pensamos que debemos manter a revista tal como está e aproveitar as múltiples utilidades que nos ofrece internet.

Os obxectivos son contribuir ao desenvolvemento da atención primaria galega, potenciar a calidade científico-técnica dos médicos de familia e demais profesionais de primaria, facilitar a publicación da investigación propia galega e ofrecer un espazo para o debate, libre, de ámbito sanitario, tanto profesional como sindical ou político. En CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA pensamos que non pode haber restricións, e que a revista debe ser espello de 'todo' o que se fai en atención primaria, e de 'todo' o que se pensa. Gustaríanos tamén que sexa un estímulo de áreas repetidamente deficitarias como poden ser a atención comunitaria, o manexo da comunicación, a atención familiar, saúde mental, e outras máis novas como pode ser a ecografía. Non queremos descoidar os aspectos técnicos e metodolóxicos da docencia, contribuíndo ao debate e actualización nesta materia. A filosofía da revista está claramente sintetizada na portada: CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA, a publicación dos profesionais de atención primaria.

Os editoriais serán redactados directamente ou elaborados por encargo da directiva da Asociación Galega de Medicina de Familia e Comunitaria. Espazo para o debate é o lugar de opinión, reflexión e confrontación. Recolleranse os orixinais de boa calidade metodolóxica e de interese para a atención primaria. Mantense a sección de actualización cos seus formatos clínicos de 'para saber de...', 'grupos de traballo de AGAMFEC', 'Habilidades e Terapéutica', coa revisión de metodoloxía de investigación e a publicación das Guías de Fisterra máis visitadas. Os Casos clínicos son outro formato, práctico, áxil e atractivo de actualización. Recuperamos Cartas ao Director, en desuso nesta revista dende hai tempo. Consideramos que é un espazo útil para comunicacións breves así como para mostrar a discrepancia ante calquera traballo publicado previamente. Recuperamos tamén o rincón de Humanidades, para expoñer materiais creados polos usuarios da revista ou ben por encargo. Finalmente, neste retrato da publicación, presentamos a sección denominada Biblioscopia. Pensamos que será un espazo de lectura fixa. Nel poderán encontrar revisións de bibliografía especialmente interesante sobre temas relevantes para atención primaria.

Queremos mellorar a xestión cotián da revista e a elo nos comprometemos. Contestar rápido aos autores que envíen traballos para publicar, asignar un número de referencia para poder seguir por internet a situación de revisión do seu traballo, publicar as revistas puntualmente ou poñer en marcha un buzón de suxestións son tarefas que deberán estar en marcha a partir de setembro.

Agradecemos especialmente o traballo feito polo anterior Director de CADERNOS DE ATENCIÓN PRIMARIA, Pablo Vaamonde, de creación e consolidación da revista no tempo. A Xunta Directiva actual de AGAMFEC e o Consello de Redacción desexamos, dende este espazo de comunicación, contribuir a fortalecer a atención primaria en Galicia. Iso só será posible coa participación aberta, reflexiva e crítica de todos os profesionais que viven e traballan nesta terra.